

ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DE SOCIOS E SOCIAS
DO MUSEO DO POBO GALEGO

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2018

RELACIÓN DE ASISTENTES:

D. Justo Beramendi González, presidente do Padroado,
D^a Concepción Losada Vázquez, vicepresidente 1º do Padroado,
D. Lino Lema Bouzas, tesoureiro do Padroado
D. María Xosé Fernández Cerviño, coordinadora do Museo do Pobo Galego,
Asociación C.H: La Montañesa,
D^a. Carmen Alborés Maceiras,
D. Santiago Bermejo Díaz de Rabade
D. Juan Conde Roa,
D^a. María José Bóveda Fernández,
D^a. Esperanza Delgado Rosende,
D^a. Ana Estévez Lavandeira,
D. Severiano Fernández Hervias,
D^a. María Jesús Fortes Alén,
D. Carlos Gómez Bermúdez,
D. José Manuel González Monje,
D. José María Laredo Cordonié,
D^a. Estefanía A. Lodeiro Paz,
D^a. Rosa Martínez Ferreiro,
D. Luis Martull Tobío,
D. Xoan Xosé Molina Vázquez,
D. Eduardo Otero Iglesias,
C. Xaquín Penas Patiño,
D^a. María José Pinilla López
D. Fernando Pintos García,
D^a. Xulia Vázquez Randulfe,
D. José Ignacio Velásco Vázquez,
D. Manuel Vilas Tubio,
D. Tino Viz Otero,
D. Francisco J. Sanjiao Otero, secretario da Xunta Reitora

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

D^a. Xulia Guntín Araujo
D. Francisco Durán Villa
D^a. Elena Gómez Segade

En Santiago de Compostela, no Museo do Pobo Galego, celébrase Asemblea Xeral Ordinaria de socios e socias o 5 de maio de 2018, que dá comezo ás 11:30 horas en segunda convocatoria, baixo a presidencia de D. Justo Beramendi González, presidente do Padroado do Museo do Pobo Galego, coas asistencias e xustificacións de ausencias arriba relacionadas.

Abre a sesión o presidente do Padroado, e procédese a tratar a orde do día.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA ASEMBLEA ORDINARIA DO 6 DE MAIO DE 2017.

En cumprimento do acordo da Asemblea Xeral celebrada o 8 de maio de 2010, a acta da Asemblea Ordinaria celebrada o 6 de maio de 2017 estivo a disposición dos socios e socias na páxina web do Museo.

Ao non haber alegacións á acta, apróbbase por asentemento.

2. INFORME DE XESTIÓN.

D. Justo Beramendi González, presidente do Padroado do MPG, toma a palabra e presenta o informe das actividades realizadas no período transcorrido dende a Asemblea Xeral do 2017:

2.1. Morte do director do Museo.

Informa do pasamento do director do Museo, D. Carlos García Martínez, acaecida o pasado 17 de marzo. A capela ardente foi instalada no auditorio do Museo. Pide que conste en acta o pesar de todos os socios e socias pola perda de quen foi o maior fecedor do Museo.

Por outra parte, o Consello de Goberno acordou levar a cabo as seguintes actividades na súa honra:

- Acto de homenaxe a celebrar no Museo o 29 de outubro, en coincidencia co aniversario da inauguración do Museo.
- Número monográfico da revista Adra, dedicado á súa vida e obra. Está a coordinalo D^a Rosa Méndez e prevese que saia no vindeiro outono.
- Edición da súa obra completa con data de publicación en marzo de 2019, coincidindo con primeiro aniversario do seu pasamento.

2.2. Nova normativa e novo organigrama.

Aprobados os novos Estatutos, na asemblea do Padroado de maio de 2017 foi elixida a comisión redactora do novo R.R.I., que levou a cabo a encomenda no segundo semestre. Cumprido o trámite de presentación de emendas e da súa consideración pola comisión, o regulamento foi aprobado na asemblea de decembro do Padroado.

Nesa mesma asemblea foi elixido o Consello de Goberno, que substitúe nun só órgano as antigas Presidencia do Padroado e Xunta Reitora. Ficou constituído así:

- Presidencia: D. Justo Beramendi González
- Vicepresidencia 1^a: D^a. Concepción Losada Vázquez
- Vicepresidencia 2^a: Xunta de Galicia
- Vicepresidencia 3^a: Concello de Santiago de Compostela
- Tesouraría: D. Lino Lema Bouzas
- Secretaría: D^a. Francisco Javier Sanjiao Otero
- Vogalía 1: D. Manuel Blanco González
- Vogalía 2: D^a. Mercedes Rozas Caeiro
- Vogalía 3 : D^a. Esperanza Delgado Rosende.
- Vogalía 4 : D. Eduardo Otero Iglesias
- Nas vogalías 3^a e 4^a continúan as persoas que foran elixidas como representantes do socios e socias na Xunta Reitora, na Asemblea Ordinaria celebrada en maio de 2017.

Na súa primeira reunión, o 10 de xaneiro, o Consello de Goberno, en aplicación do previsto nos Estatutos e no Regulamento de Réxime Interno, acordou, para axilizar o seu funcionamento, constituir unha Comisión Permanente integrada por presidente, vicepresidenta, tesoureiro, secretario e a vogal D^a Mercedes Rozas. A Comisión Permanente reúnese polo menos unha vez ao mes para resolver os asuntos de trámite, sen prexuízo de dar conta dos seus acordos posteriormente ao Consello de Goberno. Este reúnese de modo ordinario cada dous meses.

Por outra parte, na segunda quincena de decembro, D^a María Xosé Fernández Cerviño fixo efectiva a súa anunciada renuncia á subdirección do Museo, se ben aceptou continuar realizando certas funcións que xa viña desempeñando e que eran máis propias da secretaría do Museo, cargo este que en realidade está vacante de facto dende que D. Manuel Vilar traballa fóra de Santiago. Pouco días despois desta dimisión, agravouse a enfermidade de D. Carlos García

Martínez, quen xa non puido atender para nada as súas funcións de director. O Museo ficaba así totalmente descabezado e o Padroado sen recursos para facer as contratacións de substitución pertinentes.

Perante esta situación, o Consello de Goberno adoptou unha solución de emerxencia que consistiu en que a dirección fose asumida directamente pola Comisión Permanente dun modo colexiado e en estreita coordinación cos responsables dos diferentes departamentos e servizos do Museo, cos que a C.P. ven mantendo reunións periódicas, amén de procurar a presenza cotiá de polo menos un membro da CP no Museo para facer máis efectiva a dirección e o contacto co persoal. Ademáis, D^a María Xosé Fernández Cerviño, se ben mantivo a súa dimisión como subdirectora e se negou a aceptar o nomeamento de directora, por motivos que explicou ao Consello de Goberno e que este entendeu, si aceptou actuar como Coordinadora dos Departamentos do Museo con funcións de enlace co Consello de Goberno.

De momento todo este sistema ven funcionando razoablemente ben gracias á boa disposición do persoal e ao sobre esforzo dos membros da Comisión Permanente. Naturalmente trátase dunha situación transitoria que non debe durar máis que o tempo que tarde o Consello de Goberno en recabar os recursos adicionais necesarios para contratar mediante concurso un director ou directora cun perfil acaído para o posto.

2.3. Programacións anuais.

Dentro deste novo modo de funcionamento, que pretende unha actuación máis ordenada e unha planificación máis controlada de gastos e actividades ao longo do ano, o Consello de Goberno, previa consulta das opinións do persoal técnico, aprobou unha Programación para 2018 máis pormenorizada que as liñas xerais presentadas á asemblea do Padroado de decembro e ven seguindo a súa aplicación nas reunións periódicas que teñen os departamentos coa Permanente. Asimesmo estáse a traballar xa na programación de 2019.

Na programación de 2018 (Anexo I), ademáis das actividades habituais dos diferentes departamentos, cómpre salientar as seguintes:

- Baleirado dos almacéns e salas da ala sur e nova ubicación dos seus contidos para que podan iniciarse as obras de rehabilitación.
- Elaboración do proxecto museístico das novas salas de historia de Galicia a emprazar na actual sala de exposicións temporais e en todo o segundo andar da ala sur.
- Proxecto da renovación e montaxe da sala do mar
- Remodelación do vestíbulo de acceso, dote dun maior confort ao persoal da recepción e de mellores servizos aos visitantes, modernizando a imaxe de acollida do museo.
- Remodelación do almacén da zona norte do edificio conventual.
- Produción propia das exposicións Eros na Biblioteca. (Fondos de tema erótico da Biblioteca do Museo) e Galicia Máxica 2 (Fondo fotográfico de Gustav Henningsen)
- XIII Mostra Internacional de Cinema Etnográfico Museo do Pobo Galego.
- Edición do libro cos contidos do foros celebrados en 2017.
- Revisión e/ou tradución da Guía do Visitante en idiomas estranxeiros e edición das novas versións.
- Elaboración do proxecto de desenvolvemento dunha nova páxina web.
- Implantación da app para móbil e desenvolvemento da presenza do museo nas redes

2.4. Balance do Programa do XL Aniversario do MPG.

A valoración final é positiva. O programa, que coordinou o patrón D. Lino Lema Bouzas, realizouse na súa maior parte, ben como estaba previsto, ben con algúns cambios no seu deseño orixinal. Como norma xeral, todas as actividades tiveron un destacable nivel de acollida. Só fallou a representación da obra de teatro sobre *Joan Tuorum*, así como a prevista celebración da asemblea de maio fóra do Museo.

A exposición acerca da historia e evolución do Museo do Pobo Galego prevista inicialmente, foi substituída por unha exposición resumo da programación do XL Aniversario, onde se recollen vídeos e materiais das distintas actividades realizadas. Cabe destacar o vídeo resume das entrevistas das *Sesións da Memoria*, nas que recollemos moito material acerca da orixe e consolidación do Museo narrado por quen o viviron de primeira man, onde se reflicte a vinculación afectiva e emocional das persoas co Museo e a súa construción; está no noso arquivo e poderá utilizarse no futuro.

Salienta tamén o éxito da celebración do acto institucional conmemorativo da inauguración do Museo do Pobo Galego que tivo lugar o pasado 28 de outubro. Contou con gran presenza de autoridades e público, con 163 persoas contabilizadas. Presidido por D.Alberto Núñez Feijóo, este comprometeuse na súa intervención a que a ampliación da ala sur e as novas salas estivesen listas para o próximo Ano Santo de 2021.

Ao longo deste ano recibíronse moitas mostras de apoio e felicitación dos visitantes polas actividades realizadas. Destaca tamén a difusión da imaxe do Museo, grazas á presenza con entrevistas e reportaxes en distintos medios de comunicación, do que existe un informe do impacto moi favorable. Para potencia-la realizouse un gasto de 500,00 € nunha campaña de promoción en Radio Galicia; mirouse tamén a posibilidade de facelo na Radio Galega, pero o seu custo resultaba excesivo, mesmo co desconto aplicado. Tamén se realizou un esforzo na difusión nas redes dixitais, que tiveron un grande incremento nas visitas, e reabriuse a nosa conta en *Instagram*, que conta xa con mais de mil seguidores. O impacto nas redes é maior entre xente nova, un dos obxectivos que perseguíamos á hora de realizar esta campaña de promoción.

Na realización do programa contamos coa colaboración de numerosas persoas e entidades ás que agradecemos o seu apoio:

- O acto oficial contou con achegas da Asociación de Gaiteiros, Viña Costeira, Vermú Lodeiros, Estrella Galicia, Cabreiroá, Airas Catering e Limpezas Salgado.
- Librería Fonseca, Librería Couceiro, Librería Gallaecia Liber, Librería Nova Nike, Librería Follas Novas, Librería Pedreira, Librería Pensamentos (Padrón) e Librería Sementeira (Noia) colaboraron expoñendo as publicacións do MPG nas súas vitrinas.
- A Asociación Punto Gal e Radio Galicia – Cadea SER contribuíron á campaña de promoción.
- Moitos socios, socias e membros do Padroado participaron nas distintas actividades programadas, en especial coa súa presenza activa na semana grande das celebracións.
- O persoal do museo fixo un esforzo de colaboración moi importante nas montaxes, nos cambios horarios e en resolver os problemas que necesariamente van aparecendo.

A imaxe do Museo, tanto nos medios de comunicación como cara ás persoas que nos visitaron, proxeitou unha visión renovada e dinámica moi positiva. Supuxo un cambio do realizado habitualmente, con moi boa acollida: ao longo da semana de portas abertas tivemos 1.837 visitantes (un 216 % máis da media ordinaria nunha semana).

2.5. Programa de reactivación do IEL.

O presidente cede a palabra á vicepresidenta, D^a Concha Losada Vázquez, quen informa ao comité de dirección do IEL acordou establecer ou potenciar as seguintes liñas de actuación:

- 1. APOI (responsable: D^a Concha Losada Vázquez). Trabállase nunha nova plataforma do arquivo e continúaase coa recepción e tratamento de novos fondos. Ademais fixéronse diversas actividades de difusión en Galicia, País Vasco, Portugal e Hungría e editouse un disco-agasallo polo XL Aniversario, patrocinado por Martín Códax. Está previsto subir á rede este ano os fondos da colección Schubert-Santamarina e negociar un convenio de colaboración entre o APOI do MPG e o Mapa Sonoro de Galicia do Consello da Cultura Galega para difundir este tesouro patrimonial.
- 2. SECCIÓN DE ETNOGRAFÍA (responsable: D. Xosé Manuel González Reboredo). O seu obxectivo é acadar un funcionamento estable mediante a colaboración con antropólogos

e etnógrafos de Galicia, a participación de investigadores novos e a consolidación de contactos con institucións e centros afíns de Galicia e Portugal. Ademais estase a colaborar co INCIPIT-CSIC na organización do Congreso Internacional da SIEF que terá lugar en Compostela na Semana Santa de 2019.

- 3. FOROS. Celebradas as nove sesións do Foro de 2017, coordinado por D. Manuel Blanco González, está a negociarse co Parlamento a edición do libro correspondente. Por outra parte, D. Uxío Diéguez está elaborando o programa dos Foros de 2019 arredor do tema Ser galego no século XXI. A identidade galega no mundo da globalización.
- 4. SECCIÓN HISTORIA (responsable: D. Justo Beramendi González). Para elaborar o guión das novas salas, que sirva de base á empresa que se encargará de materializar a museografía, formouse unha comisión integrada por D^a María Xosé Fernández Cerviño, D^a Raquel Casal, D. Felipe Arias, D. Francisco Fariña, D. Francisco Calo, D. Xosé Carlos Sierra, D. Clodio González, D. Manuel Vilar e D. Justo Beramendi. Na súa primeira reunión acordou, tendo en conta as novas circunstancias, modificar o plan museolóxico establecido en 2008 de modo que os contidos das novas salas non se refiran só á Galicia urbana senón a toda a historia de Galicia, con especial atención á época contemporánea (ss. XIX-XXI). E nesa liña continúa traballando.
O IEI-MPG colabora tamén cos departamentos de historia contemporánea das Universidades Autónoma de Barcelona, País Vasco, Salamanca e Santiago na organización do congreso A nación omnipresente. Novos enfoques sobre os procesos de nacionalización na España contemporánea, que se celebrará en setembro no Museo e na Facultade de Xeografía e Historia.
- 5. OUTRAS INICIATIVAS. O IEI, amén de participar na edición da obra completa de Carlos García Martínez, ten en estudo a apertura doutras liñas de acción das que se dará conta oportunamente no caso de chegaren a bó porto.

2.6. Aprobación do Plan Director, previsións do Consorcio para a ala sur e novas salas

Aprobado o Plan Director do conxunto de San Domingos, o Consorcio de Santiago aprobou unha asignación plurianual de 2 millóns de euros para a rehabilitación integral da ala sur e a instalacións das novas salas dedicadas á historia de Galicia. Xa mantivemos varias reunións coa xerente do Consorcio e co equipo técnico que está traballando no proxecto de execución. A previsión é que a licitación se faga dentro do presente ano e que as obras comecen no primeiro trimestre do próximo.

Por outra parte, o Consorcio aprobou tamén, dentro do seu orzamento de 2018, unha partida de 45.000 € destinada a que o Padroado contrate a unha empresa para que redacte o proxecto museográfico das novas salas sobre a base do guión que está a elaborar a sección correspondente do IEI. Con todo, aínda non recibimos o texto do prometido convenio Consorcio-Padroado, que deberá asinarse para facer efectiva esta previsión.

2.7. Fundación Antonio Fraguas

Culminou a reforma dos seus Estatutos para adaptalos aos novos do Padroado do MPG e na última asemblea deste procedeuse a preceptiva renovación dos membros e cargos da Fundación.

Continúa a colaboración co concello de Cerdedo-Cotobade para a difusión da figura e do traballo de D. Antonio Fraguas. Dentro do programa Cuspedriños10, D. Clodio González Pérez impartiu unha conferencia coloquio sobre D. Antonio no IES de Cotobade, tamén tivo lugar a segunda edición da visita guiada ao foxo do lobo realizada polo presidente da anterior Xunta Reitora, D. Xosé Manuel González Reboredo, e editouse en galego o artigo "O lobo en Cotobade" entre o Concello de Cerdedo-Cotobade, a Fundación Antonio Fraguas e o Museo do Pobo Galego. Agradece os esforzos e traballo do secretario da Asociación, D. Fco. Javier Sanjiao Otero, que foi

quen levou adiante as xestións co Concello de Cerdedo-Cotobade, así como o labor da patrona D^a Encarna Otero Cepeda.

O pasado 24 de abril e a petición do Concello de Cotobade tivo lugar no Museo o acto de presentación do programa conmemorativo do XX aniversario do pasamento de D. Antonio con intrevencións do alcalde de Cotobade, de D. Cldio González Pérez, dos presidentes da RAG e do Padroado e do Secretario Xeral de Política Lingüística.

Culminou a X edición do Proxecto Didáctico Antonio Fraguas Fraguas, coa exposición dos traballos premiados no Museo do Pobo Galego, o proxecto *Vedr@ medra, unha aposta polo patrimonio inmaterial como eixe de dinamización lingüística e cultural nun centro educativo do rural galego*, do CPI Plurilingüe de Vedra, e o proxecto *Figuras de antonte e de onte. Figuras para o mañá*, do IES A Pinguela de Monforte de Lemos. Agradece a colaboración do patrón D. Francisco Fariña na coordinación da exposición.

Grazas a que a Secretaría Xeral de Política Lingüística mantén, e mesmo aumentou, a súa subvención, puido convocarse a XI edición do Proxecto Didáctico.

2.8. Os problemas de financiación.

Aínda que aumentou o número de socios gracias á campaña realizada por eles mesmos coa colaboración do Concello de Santiago e dalgúns medios como a SER e que algúns membros institucionais do Padroado incrementaron algo as súas cotas, os recursos necesarios para dotar a dirección e un cadro de persoal mínimo necesario seguen a ser insuficientes, como ficou de manifesto ao falarmos da solución que houbo que adoptar para garantir o funcionamento. Continuaremos chamando as portas pertinentes para ver de superar este atranco que é, a corto prazo, o maior co que topamos.

2.9. Consello Galego de Museos

O noso director era presidente do Consello Galego de Museos, ente creado en boa medida gracias ao seu empeño, e como tal o representaba no Consello da Cultura Galega. A última fase da súa enfermidade incapacitouno para seguir con esas responsabilidades e foi necesario reemplazalo. E así, o Consello Galego de Museos, na súa reunión de 24 de febreiro, elixiu no seu lugar á directora do Museo Provincial da Coruña. D^a María Xosé Fernández Cerviño continúa como secretaria do Consello.

10. Recoñecementos

O Museo recibiu no último ano os seguintes galardóns:

- A medalla Amigo da Solaina concedida pola Fundación Paco Lareo A Solaina de Piloño.
- Premio Alecrín 2017 no eido de institución Cultural, concedido pola Federación de Entidades Culturais galegas en Catalunya.
- Un dos Premios Serenidade concedido por Radio Galicia-Cadea SER

2.11. Situación económica financeira da Asociación.

O presidente cede a palabra ao tesoureiro da Asociación, quen, alén da situación xeral presentada polo presidente, informa da situación económico financeira da Asociación.

Dende a anterior asemblea, procedeuse a rematar a execución do orzamento do 2017 e en decembro aprobaronse na Asemblea Xeral do Padroado os orzamentos do 2018.

En canto ao peche das contas do exercicio 2017, destaca:

- A celebración do XL Aniversario do Museo fixo que se aumentara o noso orzamento respecto do orzamento do 2016 e tamén do orzamento inicialmente previsto en todas as partidas
- O peche do exercicio mostra un déficit de 8.263,00 €, polo aumento das actividades e o esforzo realizado.
- Comparando respecto do exercicio 2016, destaca que aumentaron as achegas de usuarios, socios e patrons:(3.000,00 €); as subvencións para actividades propias (de 278.000,00 € a 335.000,00 €.; entradas e ingresos da actividade mercantil (de 49.800,00 € a 57.150,00 €); o custo de aprovisionamentos (de 7.000,00 € a 23.000,00 €); os custos de persoal (de 348.000,00 € a 360.000,00 €); e outros gastos de actividades (de 97.000,00 € a 109.000,00 €).

Por ultimo comunica que no ano pasado o museo recibiu un legado de D. Jesús Banet Lopez de Rego, dun 25% do seu caudal hereditario. Estamos cos tramites necesarios para facer efectivo este legado, ten certa dificultade xa que inclúe como herdeiro á ADENA e á Univerzita Karlova de Praga. A xestión burocrática é complicada ao tratarse dunha entidade estranxeira, pero agardamos chegar a bo termo, o que constituirá unha achega significativa no patrimonio da nosa Asociación. E un legado compartido por el e a súa dona, D^a. Alena Dobrkovska, aínda que foi realizado por el formalmente ao ter falecido antes a súa dona. Quere que conste aquí o agradecemento da nosa institución a estas dúas persoas pola súa xenerosidade.

En canto ás cifras do orzamento aprobado para o 2018, destaca:

- O total ascende a 560.379,00 €, cun orzamento equilibrado.
- Presenta un pequeno aumento, en parte grazas ao aumento da achega do concello de Santiago de Compostela, que incrementou a súa cota a 30.000,00 €, e por primeira vez, aínda vindo ligada a actividades, permite imputar nel certos custos de persoal e outros gastos de funcionamento.
- Deste importe destaca que os ingresos non condicionados que conta percibir o museo no 2018 acadan un 46,5 % do total e os condicionados están nun 53%. Estamos nunha situación moito mellor que a que tivemos no momento peor da crise e do recorte nas achegas. En gran parte por non terse aumentado as achegas condicionadas.
- A achega da Xunta de Galicia mantense nos 297.800,00 € para gastos de funcionamento e investimentos.
- Os ingresos de socios e socias ascenden a 73.965,00 €, nos que lamenta que mantemos como gran asignatura pendente a escasa participación dos concellos galegos, que só achegan 3.100,00 €. Os ingresos de socios protectores e patrocinadores son de case 30.000,00 €.
- Os ingresos de entradas agardamos que superen os 40.000,00 €, xunto con outros 3.000,00 € por servizos prestados e vendas da tenda.
- Outro financiamento finalista son os 3000,00 € da Deputación de Lugo para o APOI.
- En canto aos gastos destaca a redución respecto do exercicio anterior, incluíndo 62.500,00 € para investigación e desenvolvemento de actividades; 10.000,00 € para alugueres; 40.364,12 € en servizos; 5.000,00 € para compras de pezas e libros, se ben a maior parte ds adquisicións do Museo son doazóns, de ahí que sexa unha partida pequena; 76.000,00 € para investimentos; 1.500;00 € de achega á Fundación Antonio Fraguas Fraguas; e 8.000,00 € para gastos de funcionamento.
- Como partida de gasto maior, destaca o gasto en persoal que chega aos 357.014,88 €.

Destaca que no ano 2017 houbo unha alta efectiva de 100 socios e socias, se ben considera que deberíamos continuar coa campaña de asociación de novas persoas, xa que constituídes un dos piares da nosa institución, non só pola achega económica, tamén pola colaboración á hora de dar a coñecer o Museo.

Nas entradas, levamos dous anos cun lixeiro aumento da recadación, no que levamos de 2018 o número de persoas que pagaron entrada medrou significativamente (16 %), o que nos permite acadar uns fondos adicionais sempre necesarios.

O problema básico da xestión económica, postas de manifesto a escaseza xeral, está mais na xestión de tesourería que nos recursos.

Para dar viabilidade ao museo, adaptámonos ao que temos, e conseguirmos acadar o exercicio sen grandes problemas, pero temos problemas na xestión de tesourería, xa que os ingresos de administración precisamos financiarlos con instrumentos bancarios como pólizas de crédito, o que xera gastos financeiros importantes.

Alén do orzamento ordinario, sempre que temos posibilidade solicitamos axudas ás administracións para proxectos específicos e concretos que nos permite acadar máis recursos condicionados

Rematada a presentación do informe de xestión, ábrese un turno de intervención.

O socio D. Xaquín Pena Patiño pregunta a canto ascende a cantidade solicitada ao banco para financiamento e o seu custo. O tesoureiro responde que temos asinada unha póliza ordinaria para funcionamento con Abanca por 120.000,00 €, e nalgúns casos facemos unha solicitude complementaria para cubrir a necesidade de financiar subvencións condicionadas específicas. Por exemplo agora temos unha coa Caixa Rural Galega para cubrir unha subvención específica da Deputación da Coruña que se cancelará cando se cobre esta subvención. Neste ano 2018 o importe das pólizas acadou os 140.500,00 €, pero isto non quere dicir que a utilizemos totalmente. O custo se non se utiliza é moi pequeno, pero conforme se usa vai aumentando conforme ás necesidades de tesourería, o que condiciona o seu custo final. Fai constar tamén que con Abanca levamos unha relación moi importante dende hai anos e o tratamento que nos fai en termos de custos é moi favorable para nos. As necesidades de financiamento do ano pasado derivadas do programa do XL Aniversario motivaron unha maior disposición do capital que causou un aumento do custo.

3. INFORME DA DIRECCIÓN DO MUSEO DO POBO GALEGO.

Neste punto o presidente cede a palabra a D^a. María Xosé Fernández Cerviño, coordinadora de servizos técnicos do museo, quen non entra no detalle da programación do XL aniversario, que xa recolleu o presidente no informe de xestión e limitase ao informe ordinario que se presenta todos os anos nesta Asemblea, cun resumo das actividades realizadas dende xuño de 2017 a abril de 2018. (ANEXO 2).

Rematado o informe, o presidente pregunta se algún dos presentes na sala quere intervir neste punto. Non habendo intervencións pasase ao seguinte punto da orde do día

4. INFORME DA OFICINA DOS SOCIOS E SOCIAS

En representación da Oficina dos Socios e Socias toma a palabra a representante no Padroado, D^a. Carmen Alborés Maceiras para presentar o resumo das actividades da oficina de socios e socias de maio 2017 - maio 2018:

- No mes de maio, organizada polos socios/as, inaugurouse unha nova exposición de Entre Amigos, adicada a fotografía etnográfica, que este ano, debido a súa coincidencia coas conmemoracións do 40 aniversario, quixose que fose retrospectiva.
- No mesmo mes de maio os socios/as participaron na romaría Raigame, celebrada en Vilanova dos Infantes, atendendo un posto informativo e de exposición bibliográfica e etnográfica dos fondos do museo.
- • No mes de xuño realizaron unha xeira por terras de Mondoñedo. Visitaron a catedral e o seu museo, e posteriormente realizaron un percorrido pola vila, perante o cal detivémonos no cemiterio, onde se encontran as tombas de Alvaro Cunqueiro, Pascual Veiga e Leiras Pulpeiro. Despois de xantar nunha casa de turismo rural, na xeira da tarde achegáronse, primeiro, á igrexa de San Martín de Mondoñeño e, despois, ao Espazo Cultural Caritel,

concibido polo escultor Caxigueiro, quen lles guiou por todo o recinto, para rematar a xeira no estudo do artista.

- Os Parladoitos, iniciados co ano, seguiron a desenvolverse mensualmente deica decembro. Dende a intervención de D. Raquel Casal no mes de maio, sobre "Xoias castrexas", sucedéronse as do patrón D. Manuel Caamaño Suárez "Arquitectura Popular", en xuño, a do patrón D. Francisco Calo Lourido "O Mar" en xullo, continuadas pola do artesán e socio D. Oli Xiraldez "Música Popular" en setembro, a do patrón D. Xosé Manuel González Reboredo "Festas en outubro", e en novembro a da patroa D^a. Concepción Losada Vázquez como responsable do APOI. A derradeira intervención, "Visita guiada a Biblioteca", foi desenvolvida en decembro pola patroa e responsable da Biblioteca, D^a. Rosa Méndez García.
- Do 29 ao 2 xuño celebrouse en Combarro o "XIII Encontro de embarcacións tradicionais", no que os representantes de socios estiveron presentes, atendendo o posto informativo do MPG, venres, sábado e domingo. Destacan que recadaron 334,00 € e que ademais se logrou a incorporación de tres novas persoas socias. As entidades organizadoras agasallaron ao Museo cunha mención especial e unha placa conmemorativa.
- Entre o 2 e o 11 de xullo o Museo do Pobo Galego participou na Semana do Libro de Compostela grazas á participación dalgúns socios e socias que atenderon un posto na rua, o que permitiu dar a coñecer os nosos fondos editoriais. Dentro do programa de actividades da SELIC o secretario da Asociación fixo unha visita guiada co tema do libro, a prensa e a imprenta no MPG. Queremos que conste o agradecemento á Librería Pedreira, que se encargou da venda de material editado polo Museo. As vendas acadaron 347,00 €, e despois da porcentaxe correspondente á librería supón 242,90 € de ingresos.
- Durante a "Semana de portas abertas do MPG, do 28 de outubro ao 3 de novembro, os socios, e tamén colaboradores alleos ao Museo, organizados en grupos, recibiron e acompañaron ás persoas que nos visitaron, informándo e explicándo a significación do Museo. Estiveron cubrindo quendas dende as 11 da mañá ás 20 horas. Moitos socios e socias que, mantendo a súa condición levaban tempo sen participar nin achegarse ao MPG, volveron facelo. No libro de visitas recóllense moitas apreciacións valorativas de quen nos visitaron.
- Remiteuse un escrito a todos os socios e socias que colaboraron, felicitándoos polo éxito e agradecéndolles o esforzo realizado no XL aniversario.
- O 28 de abril os socios organizaron un obradoiro de Xoguetes e xogos populares no Museo. A socia D^a. Rosa Martínez Ferreiro foi quen organizou o devandito obradoiro coa axuda doutros socios. Os rapaces, acompañados dos seus pais, participaron intensamente nestes xogos tradicionais.
- Facemos constar que 102 persoas socias se incorporaron no ano 2017.

A Oficina de socias e socios agradece a dona Encarnación Otero Cepeda e Dona Margarita Alborés Alborés a súa colaboración na Comisión de elaboración do Regulamento de Réxime Interno.

En canto ás actividades programadas para o 2018 destaca:

- O próximo 17 de maio os socios e socias imos desprazarnos a Vilanova dos Infantes, ca fin de participar na romeiría Raigame. Nesta ocasión levarán o obradoiro de xoguetes e xogos populares e asemade material bibliográfico do Museo.
- Está programada para xuño unha xeira cultural ao Centro Reitoral e ao Centro Oleiro de Gundivós. Esta visita completárase con outros obxectivos aínda por precisar.
- Neste ano tamén van ser dixitalizados os fondos das distintas edicións da Exposición fotográfica e etnográfica "Entre Amigos".

O presidente, expresa aos representantes de socios e socias o agradecemento pola súa discreción, pois non mencionaron a petición que fixeron chegar ao Consello de Goberno de que se lles concedese un local específico e estable para o seu funcionamento, cousa que aínda non fixemos pero vai facerse e o conta aquí para mostrar o noso compromiso con este obxectivo, para que teñan á súa disposición antes deste verán un local onde poder actuar e reunirse. D^a. Esperanza Delgado Rosende, fai constar o agradecemento da Oficina de Socios e Socias por este motivo.

D^a. María Xosé Fernández Cerviño, pide que conste en acta a congratulación de forma expresa a socios e socias, xa que o éxito indubidable das actividades programadas no XL Aniversario non tería lugar sen esta colaboración.

5. ROGOS, PREGUNTAS E PROPOSICIÓNS

Non hai.

O presidente do Padroado agradece aos presentes a súa asistencia e, non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 13:00 horas, de todo o que como Secretario dou fe.

Rematada a Asemblea, o presidente declara que como forma de agradecemento formal a todos os socios e socias que levan 25 anos apoiano ao museo, rematada a sesión procédese á imposición da Insignia de Prata do Museo do Pobo Galego ás socias e socios con 25 anos de antigüidade.

Reciben a insignia, por cumpriren con tal condición:

FERNANDEZ VAZQUEZ, PILAR
PORTO UCHA, ANXO SERAFIN
RODRIGUEZ GONZALEZ, XULIO
QUIROGA BARRO, RAMON
SÁENZ-CHAS DÍAZ, BELEN
GUILLIN GARCIA, GONZALO
I.E.S. ANTÓN FRAGUAS (SANTIAGO DE COMPOSTELA)
FERNANDEZ MERINO, CARMEN
PAIS PAZOS, ISABEL
CASTRO SOLIÑO, SOLEDAD.
MEIJIDE CALVO, LUIS
PINILLA LOPEZ, MARIA JOSE
MARTÍNEZ ÁLVAREZ, MANUEL
PICO PIÑEIRO, XOSE LUIS
AMADO REINO, JESUS
ASOREY FERREIRO, MARIA CARMEN (recolle tamén a do seu irmá JOSÉ ASOREY FERREIRO, recentemente falecido).
TABOADA GONZALEZ, MARIA TERESA
QUINTELA HERNANDEZ, GLORIA
VALIELA VILLAR, JUAN JOSE
CORTES JIMENEZ, MARIA JOSE
GOMEZ-SEGADE GONZALEZ, ELENA
PEREZ MARTINEZ, ENRIQUE
DOCASAR BERTOJO, LUIS
LAZARO CAÑEDO ARGÜELLES, EUGENIO
MARTINEZ CALVO, M. DO CARME
BEIRO PIÑEIRO, XOSE CARLOS
COL. P. "VICTOR SAENZ" (MAZARICOS)
SOCIEDADE RECREATIVA SAN XOAN DE CALO
VAZQUEZ IGLESIAS, FERNANDO
VIZ OTERO, CELESTINO
BUENO LEMA, ANA
PARADA ENCISA, JOSE MANUEL

O presidente do Padroado agradece en nome do MPG a fidelidade dos socios e socias que reciben esta homenaxe no apoio a esta institución.

Vº e prace, o presidente,

Justo Beramendi González

Fco. Javier Sanjiao Otero

ANEXO 1: PROGRAMA DE ACTIVIDADES 2018

A intensa actividade que supuxo a celebración do 40 aniversario do museo implicou un especial esforzo na realización de actividades cara o público, relegando a un segundo plano as dirixidas ao funcionamento ordinario do museo. Convén por tanto orientarse no presente ano a atender necesidades internas do funcionamento do museo mantendo unha presenza axeitada de actividades cara o público. Atendendo a este criterio xeral propóñense as seguintes actuacións por área

1. OBRAS, INSTALACIÓNS E MONTAXES

As actuacións centraranse nas seguintes:

1.- Remodelación de salas.

Para poder acometer con eficiencia as actuacións propónse elaborar os proxectos:

1.1.- Proxecto da renovación e montaxe da sala do mar

1.2.- Proxecto da remodelación das salas da entreplanta norte: oficios, tecido, traxe e música. Coa colaboración coa Fundación Paideia

2.- Remodelación de espazos e instalacións

2.1.- Remodelación da recepción. Realizar unha reforma do espazo de acollida de visitantes que sen realizar afeccións estruturais, dote dun maior confort ao persoal da recepción e de mellores servizos aos visitantes, modernizando a imaxe de acollida do museo.

2.2.- Remodelación do almacén da zona norte do edificio conventual. Dotar a este de equipamentos que optimicen o uso do espazo e as condicións de conservación dos materiais sobre todo das numerosas pezas de téxtil recibidas ultimamente. Propónse dotar dun armario compacto de 6 corpos e dun planeiro similar ao existente.

2. EXPOSICIÓNS

O programa de exposicións temporais previsto cobre todo ao ano e acolle tanto exposicións de produción propia como a acollida de exposicións doutras institucións.

O programa vertebrase en torno a seguinte proposta e calendario:

- Mexillón de Galicia. Fotografías de Xurxo Lobato. DOP Mexillón de Galicia (11 xaneiro a 25 febreiro) (Exposición acollida)

- Voando o pasado. Fotografía aérea e arqueoloxía en Galicia. Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense (18 xaneiro a 31 marzo) (Exposición acollida)

- XIII Premio de creación fotográfica "Luís Ksado". Deputación da Coruña (1 marzo a 8 abril) (Exposición acollida)

- Letras Galegas 2018. Victoria Moreno Márquez. Mostra bibliográfica organizada pola Biblioteca (17 de maio a 31 de xullo) (Produción propia)

- Camiños da Imaxe. Arquivo de Joaquín García Portela, Costiña (1892-1957). As películas do Costiña, filmadas na década de 1920 e recuperadas polo Proxecto Socheo de patrimonio audiovisual da Guarda e Baixo Miño, son as máis antigas realizadas na zona ou por un guardés das que se ten constancia. Coincide coa celebración da XIII edición da MICE (3 de maio a 30 de xuño) (Exposición acollida)

- Eros na Biblioteca. Fondos de tema erótico da Biblioteca do museo; (5 de xullo a 4 de novembro) (Produción propia)

- Fondo fotográfico de Gustav Henningsen (Galicia Máxica 2), recollendo as series referentes a romarías, santuarios e devocións diversas (O Corpiño, A Lanzada, Nosa Señora da Barca...). Levaría aparellada a edición dun catálogo do 22 de novembro ao 31 de marzo de 2018) (Produción propia)

3. ACTIVIDADES

Recolle aquel conxunto de actuacións ofertadas ao público en relación cos fondos ou exposicións do museo, coa finalidade de fomentar o interese e o coñecemento da cultura galega.

- Raposadas a cargo da contacontos Raquel Queizás para o traballo no Museo con nenos e nenas de 3 e 4 anos. (Departamento responsable: DEAC)

- Obradoiro de Regueifa, Dirixido a estudantes de secundaria. Coas regueifeiras e filólogas Sara Marchena e Alba María. Concibido coma unha iniciación ao coñecemento e a practica da poesía oral improvisada galega, centrándose na regueifa e traballándoa dun xeito lúdico. Iniciaranse nas ferramentas de memoria, rima e recursos léxicos, ademais de ofrecer guías sobre canto, métrica, versificación exestualidade. Incídese tamén na identificación e a practica da linguaxe non sexista.

(Departamento responsable: DEAC)

- Máscaras tradicionais. Por sexto ano, o Museo realiza esta actividade nas propias datas de celebración da festa, para dar a coñecer os distintos entroidos galegos. Nesta ocasión, contaremos coa colaboración do Museo do Entroido de Xinzo de Limia. O 7 de marzo. (Departamento responsable: DEAC)
- Celebración do Día da Muller. Día 13 de marzo. (Departamento responsable: Biblioteca)
- Mesa redonda sobre o fotógrafo compostelán Luis Ksado, coincidindo coa exposición do Premio que leva o seu nome. Día 15 marzo. (Departamento responsable: Exposicións)
- En abril conmemórase o Día da Danza e no Museo celebraremos unha nova edición de A Voltas co Baile. Centrándonos na tradición galega, para estudala e revisala a xornada para especialistas celebra xa a 7ª edición. (Departamento responsable: DEAC)
- Celebración do Día Internacional dos Museos (18 maio). Programación propia e tamén coordinada con outras entidades museísticas da cidade: Fundación Granell, o Museo das Peregrinacións, Museo da Catedral, CGAC e MUPEGA, Casa da Troia, Museo de Historia Natural. (Departamento responsable: DEAC)
- Actividades familiares verán. Obradoiros, visitas didácticas e charlas para que pequenos e adultos se acheguen ao patrimonio histórico-antropolóxico contido no Museo e ás exposicións temporais, desde a participación activa na protección e difusión do mesmo. Entre xullo e outubro. (Departamento responsable: DEAC)
- Café da Memoria. Este programa, que deu comezo no ano 2008, está dentro das propostas de reconstrución da historia a través das testemuñas orais. Cada ano o DEAC do Museo escolle un tema sobre o que traballar neste programa que conta cunha parte de investigación, e tamén cun evento divulgativo que dá remate ao traballo e visibiliza as e os informantes. Trátase dun café con parola, aberta ao público, que protagonizan algunhas das persoas que prestaron a súa testemuña durante a fase de recollida. Para cada tema que escollemos tratar, búscanse perfiles para os que dito tema, forme parte da súa historia vital e á vez, da nosa historia recente. Por determinar a temática para este ano. En outubro. (Departamento responsable: DEAC)
- Mesa redonda sobre o tema como remate da exposición Eros na Biblioteca. (Departamento responsable: Biblioteca)

4. MOSTRA INTERNACIONAL DE CINEMA ETNOGRAFICO

13ª Mostra Internacional de Cinema Etnográfico Museo do Pobo Galego. Do 3 ao 10 de xuño, o Museo será durante uns días unha plataforma para mostrar o mellor cine etnográfico feito en e fóra de Galicia. A Mostra con sección competitiva con premios, tamén conta con seccións e actividades paralelas como obradoiros ou proxeccións fóra de concurso. Coa colaboración co concello de Santiago e AGADIC.

5 OFICINA DE SOCIOS E SOCIAS

Fomentar a participación dos socios e socias na vida do museo organizando actividades dirixidas especialmente a este colectivo e apoiando a presenza do museo en eventos e actividades fora da súa sede.

Organización dun obradoiro de xogos tradicionais para nenos e nenas no museo

Visitas ao entorno de Santiago, con interese cultural e/ou medioambiental.

Organización de excursións a Gundivós e á Costa de Morte.

Apoiar a presenza do museo na Romería Raigame.

Apoiar a celebración do XXV aniversario do I Encontro de Embarcación Tradicionáis.

Crear o arquivo dixital dos fondos das exposicións Entre Amigos.

6 PROGRAMACIÓN DOS DEPARTAMENTOS

A maiores das actividades que conforman o programa anual do museo os departamentos no seu funcionamento cotiá realizan un conxunto de tarefas que aseguran o cumprimento dos obxectivos do museo de conservar, difundir e fomentar a cultura galega e o funcionamento ordinario e a prestación dos servizos habituais. A continuación recóllese, por departamento ou unidade, as principais liñas de traballo para o ano

6.1 CONSERVACIÓN

1.- Proxecto de remodelación das salas da entreplanta norte e da sala do Mar, para incluír novos aspectos temáticos, renovar o material gráfico e escrito, introducir novas tecnoloxías e cambiar algunhas pezas.

- 2.- Selección, preparación e restauración, cando proceda, dos materiais necesarios para a nova montaxe das salas da ala sur.
- 3.- Clasificación, organización e ordenación das coleccións que se gardan nas salas de reserva.
4. Ordinarias para a protección e conservación das coleccións de reserva, conservación preventiva de coleccións expostas, control de condicións ambientais, etc.

6.2 BIBLIOTECA

6.2.1.- Biblioteca:

Manter ao día as entradas por intercambio ou doazóns puntuais.

Atención as peticións de colaboración que xa recibimos de entidades como a USC e a Fundación Penzol

Biblioteca Baltar: rematadas as monografías comezase coa catalogación de publicacións periódicas.

Biblioteca e Arquivo Acuña Castroviejo, selección de fondos para a Biblioteca de Porto e Arquivo de Narón. Contratación da catalogación e colocación do fondo bibliográfico e documental.

Catalogación e informatización do fondo político, prensa e revistas de partidos e sindicatos.

Fondo X. Moreno: integrar as revistas no catálogo informatizado de publicacións periódicas.

Acollida e formación de persoal en practicas.

6.2.2.- Arquivo

Accesibilidade "on line" de información sobre os fondos do arquivo.

Clasificación dos arquivos Lojo Lestón e Martul Tobío.

Clasificación de material diverso en referencia ao mundo industrial galego: Empresa La Artística, imprenta, etc.

6.2.3.- Conservación e restauración:

Realización das labores ordinarias de encadernación, conservación e desinsectación anual de todos os fondos.

Dotar da protección adecuada, encadernación ou estoxo dos libros editados no século XVI.

6.3 EDUCACIÓN E ACCIÓN CULTURAL

Preparación e xestión do programa de visitas guiadas para grupos escolares tanto no nivel de Infantil e Primaria como no de Secundaria, Bacharelato e Ciclos Formativos. Coa colaboración co concello de Santiago.

Preparación e xestión do programa de visitas guiadas para público en xeral.

Preparación e xestión de materiais: guías, material didáctico,

Xestión e dinamización das redes sociais: Twitter, Facebook, Instagram

Acollida e formación de persoal en practicas

6.4 EXPOSICIÓNS

Comunicación de actividades e eventos aos medios e aos membros do Padroado e aos socios e socias do museo

Seguimento dos media e arquivo das noticias, artigos e reportaxes sobre o museo e as súas actividades

Arquivo gráfico de actividades do museo: fotografía e vídeo das realizadas

Dixitalización de fondos

6.5 ADMINISTRACION

Realización da xestión administrativa ordinaria do museo

Realización da xestión contable e de apoio a tesouraría do museo

Xestión administrativa dos socios e socias do museo

6.6 MANTEMENTO

Labores de mantemento de instalacións e servizos que o necesiten

Reposición e conservación de instalacións e servizos que o necesiten

Apoio ao traslado de mobiliario, fondos e elementos da ala sur para a realización das obras

Actuacións nas ramplas das salas para facilitar o acceso para persoas con mobilidade reducida

7 INSTITUTO DE ESTUDOS DAS IDENTIDADES

O proxecto Sons e Voces da Identidade continúa cos labores de dixitalización, análise e edición de fondos sonoros e audiovisuais do APOI.

Constitución da liña de estudos etnográficos baixo a responsabilidade de Xosé Manuel González Reboredo. Xestións para establecer unha posible colaboración sistemática coa Asociación Galega de Antropoloxía.

Constitución da liña de asesoramento histórico e museístico sobre contidos das novas salas con membros do Padroado e outros externos. Colaborará coa comisión contemplada no convenio co Consorcio de Santiago e contará coa axuda do Departamento de Conservación. Responsable: Justo Beramendi

Preparación do foro ou similar sobre a identidade galega hoxe, a celebrar en 2018 ou 2019. Responsable: Uxío Breogán Diéguez.

Edición do libro sobre o foro “O noso Pobo: de hoxe noutros corenta anos” en colaboración co Parlamento de Galicia. Responsable: Manuel Blanco Desar

Xestións coa AELG para establecer unha liña conxunta sobre literatura galega

Congreso “A Nación omnipresente. Novos enfoques sobre os procesos de nacionalización na España contemporánea”. En colaboración coa USC, Histagra e Hispona. Comité organizador: Justo Beramendi, Miguel Cabo, Lourenzo Fernández Prieto, Alfonso Iglesias Amorín (6 e 7 setembro)

8 OUTRAS ACTUACIÓNS TRANSVERSAIS, PUBLICACIÓNS E COMUNICACIÓN

Planificación e supervisión do traslado de elementos da ala sur para a realización das obras (Almacén do baixo cuberta e salas de pintura, prensa e imprenta, e oficios urbanos)

Revisión e/ou tradución da Guía do Visitante en idiomas estranxeiros e edición das novas versións.

Elaboración do proxecto de desenvolvemento dunha nova páxina web.

Implantación da app para móbil e desenvolvemento da presenza do museo nas redes sociais.

Naquelas actividades nas que non conste expresamente a colaboración específica dunha entidade para a súa execución, son realizadas co apoio da Xunta de Galicia e demais entidades que forman parte do Padroado: Parlamento de Galicia, Concello de Santiago, Deputacións de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, Universidades de Santiago, A Coruña e Vigo, Fundación Barrié, Consello da Cultura e o COAAT da Coruña

ANEXO 2: MEMORIA DE ACTIVIDADES DO MUSEO MAIO 2017 – ABRIL 2018

Antes de entrar no detalle das actividades desenvolvidas, convén facer unha referencia á celebración do 40º aniversario do Museo. O programa presentado no seu día realizouse ben como estaba previsto ou ben con algúns cambios no seu deseño orixinal. Como norma xeral, toda as actividades se desenvolveron cun destacable nivel de acollida e éxito de convocatoria.

A exposición acerca da historia e evolución do Museo do Pobo Galego foi substituída por unha exposición resumo da programación do XL Aniversario, onde se recollen vídeos e materiais das distintas actividades realizadas. Cabe destacar a serie de entrevistas das *Sesións da Memoria*, nas que recollamos moito material acerca da orixe e consolidación do Museo narrado por quen o viviron de primeira man, onde se reflicte a vinculación afectiva e emocional das persoas co Museo e a súa construción.

Destaca tamén o éxito do acto institucional conmemorativo da inauguración do Museo do Pobo Galego que tivo lugar o 28 de outubro, con gran presenza de autoridades e público.

Destaca tamén a difusión da imaxe do Museo, con entrevistas e reportaxes en distintos medios de comunicación, do que existe un informe do impacto moi favorable. Para potenciala realizouse unha campaña de promoción en Radio Galicia; mirouse tamén a posibilidade de facelo na Radio Galega, pero o seu custo resultaba excesivo, mesmo co desconto aplicado. Tamén hai que subliñar a difusión nas redes dixitais, que tiveron un grande incremento nas visitas; reabriuse a nosa conta en *Instagram*, que conta con máis de mil seguidores. O impacto nas redes é maior entre xente nova, un dos obxectivos que perseguíamos á hora de realizar esta campaña de promoción.

Ao longo deste ano recibíronse moitas mostras de apoio e felicitación dos visitantes polas actividades realizadas. En todo o esforzo realizado para culminar o programa, contamos coa colaboración de numerosas persoas e entidades ás que agradecemos o seu apoio:

- O acto oficial contou con achegas da Asociación de Gaiteiros, Viña Costeira, Vermú Lodeiros, Estrella Galicia, Cabreiroá, Airas Catering e Limpezas Salgado.
- As librerías Fonseca, Couceiro, Gallaecia Liber, Nova Nike, Follas Novas, Pedreira, Pensamentos (Padrón) e Sementeira (Noia) colaboraron expoñendo as publicacións do MPG nas súas vitrinas.
- Asociación Punto Gal e Radio Galicia – Cadea SER contribuíron á campaña de promoción.
- Socios, socias e membros do Padroado participaron nas distintas actividades programadas, en especial coa súa presenza activa na semana grande das celebracións.
- O persoal do Museo envorcouse incondicionalmente nas montaxes, nos cambios horarios e en resolver os problemas que foron aparecendo.

A imaxe do Museo, tanto nos medios de comunicación como cara ás persoas que nos visitaron, proxectou unha visión renovada e dinámica moi positiva. Supuxo un cambio do realizado habitualmente, con moi boa acollida: ao longo da semana de portas abertas tivemos 1.837 visitantes (un 216 % máis da media ordinaria nunha semana).

En conxunto, o resultado encheu as mellores expectativas, en canto a celebración traspasou as nosas paredes, permitiu inxectar ilusión e dinamismo na institución, e mostra o ronsel a seguir no futuro.

1. OBRAS E INSTALACIÓNS

Durante esta anualidade, o capítulo de obras limitouse á realización de operacións puntuais de mantemento.

2. COLECCIÓN

Total rexistros: 13.389

Ingresos (maio 2017 – abril 2018): 269

Doazóns: 21

Depósitos: 258 (pendente de inventariar o da Casa de Rosalía, 38 pezas de indumentaria)

Compras: 0

DOAZÓNS

MARIA BABIO TIE (3 pezas). Unha máquina de coser de man da marca Singer de 1922, unha touca e un mantón de abrigo.

JOSEFA CACHEIRO GALLEGRO (1 peza), un tapiz de ÁNIMA SCHMITT (1931-1983)

EDUARDO CASTRO SANTAMARINA (1peza) unhas tenaces de forxa atopadas no entorno do Lagar rupestre de Ribeira de Fornos, Concello de Oímbra.

JUAN ANTONIO CONDE PÉREZ (1 peza) unhas tesoiras de latoeiro, de Ponte Sampaio

DOBRKOVSKA-BANET LEGADO (48 pezas) destacan as esculturas: parella de bronce de Paul Wunderlich, un busto pétreo da propia Alena Dobrkovska (1942) obra de F. Mentlik, un mural de Soledad Penalta, unha imaxe de Deus Pai e figura de muller con patela na cabeza. En canto ás pinturas: “Centro de flores” de Ángeles Jorreto, “Interior dunha casa” (sen sinatura), unha “Maternidade” de Vidal Souto (1948), dúas paisaxes de Antonio Bustamante, a obra de técnica mixta “Nova York” de M. Piñeiro, ademais de dous bodegóns. Pezas domésticas: unha aldraba de bronce, dúas arcas de madeira, dous braseiros mouriscos, un farol e un velón de bronce, un ferro de pasar, unha chocolateira e un pistola Lefaucheaux de fabricación española (ca. 1850). Pezas de Sargadelos: un xogo de café de seis servizos, e dúas figuras, unha parella e un afiador. Hai pezas de artesanía como unha máscara iroquesa de madeira, un muíño de oración tibetano, unha maqueta de barco e unha cruz con cadea de pedra-sabão (esteatita) procedente de Minas Gerais. Tamén dous reloxos de parede e unha lámpada de sobremesa.

MANUEL ESTÉVEZ FERNÁNDEZ (3 pezas), unha palmatoria, un chumbo, un xogo de pesas e unha balanza de pratos.

MERCEDES FONDADO (1 peza) unha cesta da vendima de Boborás.

JOSEFA GALLARDO FREIRE (1 peza), unhas tesoiras de rapar de Lousame.

BENEDICTO GARCÍA VILLAR (1 peza) un charrasco dos anos 70.

CLODIO GONZÁLEZ PÉREZ (1 peza), un adorno do traxe de volante do entroido de Chantada.

GONZÁLEZ-MORO ZINCKE IRMÁS (98 pezas) Diversos obxectos domésticos, entre outros, unha cafeteira de alcohol, unha friameira ou densímetro para o leite, un vaso de noite e un quentador da cama. Pezas decorativas: caixa lacada e un reloxo espertador. Utensilios de aseo persoal, como bote de xabón de afeitar Colgate, coitelas Gillette (anos 60) e un secador de cabelo. Varios útiles de costura: costureiro (anos 40), ovo de zurcir, agulleiros e agulla, corchetes metálicos, botóns de nácara e carrete de fío. Obxectos relixiosos: escapularios (5), rosarios (7), diversas medallas (15) e un crucifixo; tamén varios obxectos de fumador, un tinteiro e un cuño para lacre. Cestos (4) de varios usos, unha cana de pescar e unha navalla. Pezas de indumentaria como un traxe de baño e complementos persoais como abanicos(2) e aneis(2), e roupa de casa como unha toalla.

LINO LEMA BOUZA (4 pezas), un trobo, dous transformadores eléctricos e unha caixa de lata.

XOAN RAMÓN MARÍN MARTÍNEZ (49 pezas), moedas do Goberno Provisional (10), de Afonso XII (17), de F. Franco (15) e de Xoán Carlos I (8).

ENCARNA OTERO CEPEDA (1 peza), un abrigo confección de Xanela, Arte do Pobo.

FAMILIA OTERO CEPEDA (12 pezas): un peto de arxila con forma de porquiño e tres petos metálicos de “Caja de Ahorros Monte de Piedad Santiago”. Diversos complementos femininos da Primeira Comuñón da nai e da propia Encarna: un par de medias, un de calcetíns, un de patucos,

e un par de luvas, tamén unha faldriqueira, dous mandís de servir, oito trencillas de seda para costura e unha Vieira do Ano Santo 1954.

DIEGO E EMMA PARADA CONDE (2 pezas), unha mesa de comedor e unha rateira, procedentes de Ponte Sampaio.

CRISTINA QUEIRUGA MINIÑO (6 pezas), esculturas das que destaca unha imaxe de vestir articulada de “San Sebastián”, un Cristo Crucificado, unha cabeza pétreo de Cristo, un Sagrado Corazón de Xesús, un Cristo en Maxestade e un San Roque Neno.

MANUEL SERANTES BLANCO (3 pezas) un zapato e un mandil de cubrir; e unha fita de N.S. das Ermidas.

MARIA TILVE COSTAS (12 pezas), 12 carretes de fío para bordar de “Hilaturas Fabra y Coats”.

MANUEL VILAR ALVÁREZ (3 pezas), unha botella de gasosa PUM de Monforte, unha de viño albariño Pazo Bayón e unha de brandy 501.

FAMILIA VILARIÑO PINTOS (18 pezas) destacan 14 de mobiliario, correspondentes ao dormitorio: cama, dúas mesiñas de noite, un lavabo e un tocador, tres armarios, un percheiro, as cortinas, dúas butacas, unha *chaise longue* e un costureiro; a mais dun rosario de acibeche da súa bisavoa (1870-1900) e pezas de roupa para a casa: unha colcha e dúas alfomadas e unha funda para o camisón.

Relación de persoas doadoras (maio 2017 – abril 2018)

María BABÍO TIE
Josefa CACHEIRO GALLEGO
Eduardo CASTRO SANTAMARINA
Juan Antonio CONDE PÉREZ
DOBRKOVSKA-BANET
Manuel ESTÉVEZ FERNÁNDEZ
Manuela FONDAO
Josefa GALLARDO FREIRE
Benedicto GARCÍA VILLAR
Irmás GONZÁLEZ-MORO ZINCKE
Clodio GONZÁLEZ PÉREZ

Lino LEMA BOUZAS
Xoán Ramón MARÍN MARTÍNEZ
Encarna OTERO CEPEDA
Familia OTERO CEPEDA
Irmáns PARADA CONDE
Cristina QUEIRUGA MINIÑO
Manuel SERANTES BLANCO
María TILVE COSTAS
Manuel VILAR ÁLVAREZ
Familia VILARIÑO PINTOS

PRÉSTAMOS PARA EXPOSICIÓN

O Roteiro de Granell (abril 2018-abril 2019). Fundación Eugenio Granell de Santiago de Compostela:

- un xogo de bólas de arxila (R-7898)
- un teléfono de lata (R-7701)

Fondos bibliográficos Biblioteca Antonio Fraguas:

- *Manuel Antonio: De catro a catro*. A Coruña: Nós, 1928. (R-22698/foil56-5)
- Boletín mensual Nós (1920?)

CONSULTAS PRESENCIAIS

Entidades / institucións (5), dúas referidas ao arquivo gráfico (Concello de Santiago e o Consell Insular de Mallorca) e o resto a fondos da colección (Asociación de Soci@s MPG, Fundación Eugenio Granell de Santiago e Concello de Ribeira).

Persoais (10), tres relativas ao arquivo gráfico e sete aos fondos da colección.

INTERVENCIÓNS PREVENTIVAS

Tratamento do mobiliario do dormitorio (Familia Vilariño Pintos) intervención que leva a cabo a empresa Arumia (Sanidade ambiental e control integrado de pragas) de A Coruña, socio protector do MPG.

OUTRAS

Selección e preparación das pezas utilizadas no programa “Teño unha peza”, nas presentacións de Pepe Carreiro, Ses, Encarna Otero, Jorge Mira, Tareixa Navaza, Rubén Aramburu, Lidia Senra e Elena Ferro; esta última foi presentada pola responsable das coleccións, Belén Sáenz-Chas.

Reorganización de almacén baixo cuberta norte, coa adquisición de mobles compactos para almacenaxe e conservación do material téxtil.

3. BIBLIOTECA

Destacamos aquí as achegas máis importantes que durante este período recibimos:

- O socio Luís Martul Tobío fixo no mes de maio unha importante achega de carteis de variada temática, maioritariamente referentes á promoción da lingua e actividades culturais do entorno universitario. En agosto ampliará a súa doazón cunha interesante colección de revistas galegas de creación literaria.
- En agosto Manuel Serantes Blanco doa, xunto a outras pezas para a colección, un mazo de documentos notariais datados entre 1754 e 1773 referentes ás Terras de Monterrei e Xinzo.
- En novembro de 2017, a través da Fundación Penzol, recibimos un interesante lote de prensa galega datada entre 1933 e 1970 galega, propiedade de Xavier Castro.

INGRESOS:

MONOGRAFÍAS:

Total ingresos (maio-maio. 2017/18)----	1742
Doazóns-----	1626
Intercambio-----	111
Adquisicións-----	4
Produción propia -----	2
 Total títulos rexistros -----	63.726 títulos
Total volumes -----	74.891 volumes

PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS:

Total títulos de revistas (inclúe prensa) -----	2.4980
Novos títulos	199
Revistas en curso-----	115

Como podemos ver as doazóns seguen sendo, con ampla maioría, a principal fonte de ingresos. Os fondos procedentes de bibliotecas privadas van sendo catalogados e informatizados pouco a pouco.

Os intercambios institucionais se manteñen, pero a produción/cantidade destes baixou substancialmente.

As adquisicións están en función das necesidades dos distintos departamentos, ou da solicitude dos usuarios.

No tocante as revistas, vemos que segue incrementando o número, son na súa ampla maioría revistas xa fóra de circulación, fondo antigo principalmente. Isto queda patente na redución de revistas en curso. Non figuran aquí as revistas electrónicas, pois non estamos subscritos a ningunha e o propio usuario pode buscar as de libre acceso na nosa biblioteca.

Os ingresos no arquivo son importantes aínda que non fáciles de contabilizar: documentos manuscritos, principalmente instrumentos notariais, documentación política e social, correspondencia, están aínda pendentes dunha clasificación que nos permita dar conta deles.

PRÉSTAMO DE FONDOS:

- Para a exposición *Castelao grafista: pinturas, dibujos, estampas*, celebrada en Madrid na Real Academia de Bellas Artes de San Fernando durante os meses de outubro a decembro, diverso material, libros, revistas, cartaces da autoría de Castelao.
- Á Fundación Granell, para a exposición *Os roteiros de Granell*
- Ao Auditorio de Galicia para a Exposición sobre a obra de Catalá Roca.

CONSULTAS BIBLIOGRÁFICAS E DOCUMENTAIS:

Amais das consultas de patróns e patroas, persoal do Museo e investigadores privados consultaron a biblioteca estudantes e persoas relacionadas coas seguintes institucións:

- Biblioteca de Galicia, Consello da Cultura Galega, Conservatorio de Vigo, Editorial Alvarellos, Fundación Castelao, Fundación Gonzalo Torrente Ballester, Fundación Granell, Consulta Instituto de Estudos Galego Padre Sarmiento, Instituto Rosalía de Castro, Universidade de Oxford, Universidade de Santiago, Universidade do Porto

As consultas en sala moveron 5.040 unidades (libros, revistas e documentos). A través do catálogo en rede se superaron as 25.462 consultas que se concretaron en 11.352 accesos a rexistros bibliográficos.

ACTIVIDADES DE FORMACION

Dentro do programa de “Prácticas externas universitarias” neste período titorizamos:

- Da USC do Departamento de Historia (80 horas)
 - Senén Peleteiro Rodríguez e Yaiza Otero Fungueiriño no mes de xuño traballaron na clasificación do arquivo de Manuel Caamaño.
 - Do Departamento de Xeografía, Manuel Noya Vietes e Patricia Ruiz Noya na clasificación de mapas durante o mes febreiro (80 horas)
 - De Historia da Arte na clasificación de carteis (160 horas), Martín Varela Salido e Alicia Losada García, durante o mes de xaneiro e febreiro
 - Do Máster de Xestión do Patrimonio, Sonia Arrojo Vázquez, de marzo a maio (300 horas)
- Da UDC, ás alumnas de Mestrado Universitario de Estudos Avanzados en Museos, Arquivos e Bibliotecas, da Facultade de Humanidades e Documentación:
 - Sara Pombo Paz, Laura Prieto Pérez e Esperanza Vázquez Dopico que entre os meses de novembro e decembro están a realizar prácticas na Biblioteca, clasificación e catalogación do fondo cartográfico.

OUTRAS ACTIVIDADES:

Desde a biblioteca leváronse a cabo ademais as seguintes tarefas:

- Como colofón da exposición bio-bibliográfica e documental sobre a figura de Victoriano García Martí, realizouse unha mesa redonda presentada por Olalla Cabaleiro e a participación de

Rosario Mascato, Encarna Otero e Arantxa Fuentes, que faloron de diversos aspectos do pensamento e relacións de García Martí (28 de xuño).

- A coordinación da Revista ADRA lévase, xunto a Manuel Vilar, desde a Biblioteca. A presentación do número 11 foi no salón de actos da Real Academia de Belas Artes Nosa Señora do Rosario, onde se presentou unha primicia musical, unha alborada e unha muiñeira para piano, que foron interpretadas polo pianista Alejo Amoedo (11 de xullo)
- Legado Dobrkovska-Banet, establecéronse os primeiros contactos con D. Manuel Banet López de Rego, que culminaron coa entrega do legado.
- A Biblioteca, mediou entre a Familia Baltar e o Arquivo de Galicia para entregar as Actas da Deputación Xeral de Galicia. Agradecer aquí a axuda da patroa Mariví Pardo Gómez nos contactos previos. O acto de entrega tivo lugar o 13 de setembro no Arquivo do Reino de Galicia coa asistencia de Justo Beramendi en representación do Museo.
- Asistencia ao chamamento que desde o Consello da Cultura Galega se lle fixo a Museos, Arquivos e Bibliotecas para facer unha acción conxunta en favor do patrimonio cultural (2 de outubro).
- Ademais da organización das exposicións bibliográficas das Letras Galegas, estanse a ultimar os traballos preparativos da exposición bibliográfica “Eros nas Bibliotecas do Museo”.

Dentro dos eventos do 40 aniversario, ademais das actividades que quedan indicadas nos epígrafes correspondentes, a Biblioteca participou en:

- Visita guiada á Biblioteca para socias e socios cunha pequena mostra dalgúns dos fondos máis salientables.
- “Teño unha peza”, colaborouse coas presentacións de Suso de Toro, Pepe Carreiro, Roberto Leal e Encarna Otero.
- Preparación de lotes para a exposición das publicacións do Museo nas librerías.

COLABORACIÓNS:

Un ano máis e de agradecer a colaboración totalmente desinteresada das voluntarias, socias e patroas do Museo:

Ana I. Mateos Vara, Olalla Cabaleiro, Encarna Otero Cepeda, Mariví Pardo Gómez e María Tilve, que xunto a continuada axuda na Biblioteca traballaron tamén noutras actividades. Agradecer tamén a Santiago Díaz Lage, Carme López Beiras e Rosa Martínez Ferreiro a colaboración na preparación da próxima exposición do Museo.

Así mesmo, o fondo de Fernando Acuña Castroviejo está xa clasificado grazas a colaboración das súas irmás, Margarita e Rosina Acuña Castroviejo, que traballaron arreo na comprobación de duplicados e distribución dos fondos bibliográficos.

Coa contratación de Ana Mateos, levarase a cabo a inclusión na rede de fondos arquivísticos: documentos históricos, coleccións (carteis, ephemera, etc.) e arquivos privados.

ACTIVIDADES FORA DO CENTRO:

- Asistencia na Cidade da Cultura ás reunións do Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia (19 de xullo de 2017 e 16 de febreiro de 2018).
- Colaboración coa Biblioteca de Verín nas xornadas en Homenaxe a Taboada Chivite, Trala conferencia do patrón Francisco Fariña Busto fíxose unha presentación da Biblioteca de Taboada depositada no Museo do Pobo Galego (17 de novembro).

Relación de intercambios institucionais e doazóns de fondos bibliográficos e documentais

Institucionais

Arquivo Histórico Prov. de Ourense
Artziniega Museoa
Asoc. Amigos Museo Militar da Coruña
Asoc. Cultural Ruta Jacobea
Asoc. Cultural San Campio
Asoc. Escritores en Lingua Galega
Asoc. Etnográfica Artea
Asoc. Galega de Artesáns
Asoc. Cultural Aunios
Asoc. Cultural Piñeiros
Asoc. Ranceiras
Biblioteca de Galicia
Biblioteca José Pérez Vidal (La Palma)
Casa das Artes (Vigo)
Centro de Estudios Extremeños
Centro Galego de Barcelona
Centro Ramón Piñeiro
Centro Italiano di Studi Compostellani
Colexio Peleteiro (Santiago)
Concellos de Betanzos, Cotobade, Pontedeume, Verín, Vigo, Vilagarcía de A.
Consello da Cultura Galega
Consortio da Cidade de Santiago
Deputacións da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra
Editoriais: Positivas, Sacauntos, Toxosoutos
Fundación Bautista Álvarez
Fundación Penzol

Fundación Xosé Soto de Fión
Grupo Marcelo Macías
Inst. de Estudos Miñoranos
Inst. de las Identidades (Salamanca)
Instituto de Estudios Asturianos
Instituto de Est. Galegos Padre Sarmiento
Instituto Teolóxico Compostelano
Museo Arq. de Alicante
Museo Arq. de Ourense
Museo de Melide
Museo de Melilla
Museo Valle-Inclán, Pobra do Caramiñal
Museo de Viladonga
Museo de Zaragoza
Museo Etnográfico de Castilla y León
Museo Etnográfico Julio Caro Baroja
Museo Etnolóxico de Ribadavia
Museu Valencià d'Etnologia
Museu da Póvoa de Varzim
Museu de Guimarães
Real Academia Galega
Revista Murguía
Seminario Diocesano de Lugo
Soc. Cultural Fillos de Ois
Universidades de Santiago, A Coruña, Autónoma de Madrid
Xunta de Galicia

Particulares

Baltar Veloso, R.
Beramendi, J.*
Caamaño Suárez, M
Carredano, C.*
Castro, X.
Familia Estevez Fernández
Familia Lojo Lestón
Gallego Rei, M.
García Martínez, C.
García Porral, X.
Godinho, P.
González Pérez, C.
González Reboredo, X.M.
Janeiro, M.
Lara Coira, M.
López Beiras, C.
Martul Tobío, L.
Mascato, R.
Méndez García, X.F.

Méndez García, R.
Neira Pereira, H.*
Otero Cepeda, E.*
Pereira, H.M.
Pérez Franco, C.
Picallo Fuentes, H.
Prol, S.
Rielo Carballo, I.
Sánchez, A.
Sanjiao Otero, F.
Sarmiento Méndez, X.
Senín Méndez, H.
Serantes, M.
Soeiro, T.
Vázquez Arce, C.
Vilar Álvarez, M.
Villanueva, C.
Villares Paz, R.

4. EXPOSICIÓNS

Entre maio e decembro de 2017 organizáronse seis exposicións temporais, integradas no programa do 40º aniversario do Museo. Dúas delas foran xa incluídas na memoria anterior:

- ***Unha punta de Europa. Victoriano García Martí***

Ata o 25 de xuño mantívoase a mostra comisariada pola patroa e bibliotecaria do Museo, Rosa Méndez, e mais polo director do Museo Valle-Inclán da Pobra do Caramiñal. Esta exposición recupera a figura de Victoriano García Martí, intelectual e erudito, cuxa traxectoria deu conta do

seu compromiso vital cunha Galiza atlántica que, no cultural e literario vinculou con Portugal, sempre na procura dunha identidade propia no marco da España e Europa do seu tempo.

- ***O espello do mar***

Claurusouse o 25 de xuño a mostra comisariada polos patróns Clodio González Pérez e Rosa Méndez, cunha selección dos valiosos fondos da Colección Clodio González Pérez, con documentos que van desde o século XVII ao XX.

- ***Letras Galegas 2017. Carlos Casares***

O 9 de maio quedou exposta no claustro a mostra bibliográfica do Carlos Casares, a quen se dedica o Día das Letras Galegas deste ano. A instalación correu a cargo do equipo da biblioteca, dirixido por Rosa Méndez.

Nestes días vén de presentarse a mostra dedicada a ***María Victoria Moreno***.

- A retrospectiva de ***Entre amigos***, organizada pola Oficina das socias e socios, recolleu boa parte dos traballos presentados ao longo das oito edicións desta mostra bienal.

- ***Parábola da abundancia***

Desde xullo a setembro exhibiuse unha instalación de Terry Berkowitz e Francesc Torres comisariada polos patróns Lino Lema e Mercedes Rozas. *Parábola da Abundancia* dá conta do tempo que os autores pasaron observando, fotografando e videogravando grupos de mariscadoras na Costa da Morte e nas Rías Baixas, ao longo dos veráns de 2014 e 2015. Os artistas quedaron cativados pola "potencia simbólica desta dura actividade recolectora e ancestral, agora regulamentada, levada a cabo case por enteiro por mulleres como xeito de complementar a economía familiar, xusto na fina liña divisoria e flutuante entre o mar e a terra firme como unha fermosa alegoría da dependencia do ser humano coa natureza e, en definitiva, da benevolencia dunha das costas máis bravas de España". Documentándose sobre o traballo destas mulleres, xurdiu un tema colateral: o perigo que pende sobre este territorio costeiro, como sobre todo o planeta, por efecto das consecuencias da acción do ser humano, e que realza, aínda máis, o valor deste impagable patrimonio.

Do 24 de outubro ao 3 de novembro o Museo estivo de festa. Nesta celebración abriuse ao público e aos artesáns e artistas para que deran a súa especial visión do Museo. Moitas persoas pasaron por estes espazos para compartiren os seus afectos e emocións co Museo e as súas pezas, para mostrarnos como os saberes que atesouran as nosas coleccións se poden utilizar para construír novas formas da máis radical actualidade. Dos obradoiros realizados foi quedando unha pegada de pezas e experiencias que se exhibiu ata mediados de xaneiro como un ronsel da celebración. Nos vídeos e nos obxectos expostos pódese sentir o ser do Museo e compartir o agarimo e aprecio que suscita e que o definen coma unha obra colectiva das galegas e os galegos.

Tamén contamos cunha mostra itinerante sobre o Museo, a modo de carta de presentación, baixo o título ***Un museo, miles de historias***. Na súa concepción participou a patroa Fátima Braña, xunto coa Dirección e o persoal técnico. Presentouse en Vilanova das Infantes o 17 de maio, na romaría Raigame, que por decisión da Deputación de Ourense dedicouse nesta edición ao Museo. Posteriormente exhibiuse en Combarro coincidindo co XIII Encontro de Embarcacións tradicionais, na biblioteca pública de Verín e mais no concello de Cotobade.

Xa no que vai do ano 2018, celebráronse catro exposicións, non producidas directamente polo Museo:

- ***Mexillón de Galicia***

En xaneiro e febreiro o Museo acolleu a exposición fotográfica de Xurxo Lobato, promovida pola DXP Mexillón de Galicia, para divulgar o traballo das persoas que manteñen activo este importante segmento económico do cultivo do mar, e os seus produtos.

- ***Voando o pasado. Fotografía aérea e arqueoloxía en Galicia***

Entre xaneiro e marzo visitounos a exposición organizada polo Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, que documenta os traballos de fotografía aérea que, nos anos noventa do século XX, permitiron dar un avance substancial á arqueoloxía en Galicia.

- **XIII Premio Ksado**

A mostra da bienal de fotografía convocada pola Deputación da Coruña iniciou a súa itinerancia por Galicia na sala do claustro alto.

- **Camiños da imaxe**

En colaboración co Concello da Guarda e mais co Colectivo Socheo, inaugurouse o 19 de abril a mostra do arquivo do fotógrafo guardés Joaquín García Portela, "Costiña". A clausura coincidirá coa celebración da 13ª MICE no mes de xuño.

O equipo permanente de montaxe está integrado por David Conde Lourido e Manuel Vilas Tubío.

5. EDUCACIÓN E ACCIÓN CULTURAL

A acción educativa e sociocultural tenta chegar a todos os segmentos de usuarios e usuarias do Museo. O Departamento de Educación e Acción Cultural mantén tres liñas de actuación: o público cativo que adoita usar o Museo en grupos organizados, e onde o máis numeroso é o público escolar seguido moi de cerca polas persoas adultas maiores; o público libre para o que ofrecemos actividades de diversa índole, sempre deseñadas por nós pero executadas tanto polo DEAC como por empresas externas; e a xestión da comunicación cos nosos públicos a través das redes sociais.

a) Didáctica

Nos meses de verán leváronse a cabo varias actividades de tipo formativo e lúdico, para público adulto e familiar como o obradoiro Cosmética Fresca con herbas de S.Xoán impartido por Josefina Anllo Naveiras ou Os segredos do papel, un taller de papiroflexia para persoas adultas e nenos e nenas a partir de 7 anos, no que se traballou o papel desde un punto de vista matemático, artístico e lúdico. Dirixido por Luz Díaz, Fátima Jardón e Teresa Otero.

En setembro de 2017 púxose en marcha a programación escolar para o novo curso na que se incluíron obradoiros e actividades de tipo lúdico para a educación infantil e primaria, actividades e visitas comentadas para alumnado a partir de secundaria e actividades autónomas para todos os ciclos. Algunhas destas propostas están tendo moi boa acollida. É o caso dos Xogos Bailados, Canta Adiviña, Da vara ao carabelo, Ferramentas en mimo e Oleiras e Tecelás.

No primeiro trimestre do curso 2017-18, e co gallo do 40 aniversario do Museo, tamén contamos con algunhas actividades escolares que xiraron ao redor da orixe do Museo. Nesta programación colaboraron os narradores orais Celso Fernández Sanmartín e Raquel Queizás.

Entre novembro e febreiro, ofrecemos actividades específicas para este período no que a afluencia de grupos escolares é algo menor. Seguindo as liñas do Proxecto Educativo do Museo, para estas propostas contouse con persoal externo: Raquel Queizás con Raposadas, unha actividade dirixida a Educación Infantil; e Sara Marchena e Alba Rodríguez con Regueifa pola Igualdade para Educación Secundaria.

b) Acción cultural

En actividades dirixidas aos diversos públicos adultos na liña da divulgación e sensibilización cara ao patrimonio do que o Museo se ocupa, propomos diferentes actuacións:

Día Internacional dos Museos 2017, en colaboración co CGAC, a Fundación Granell, o Museo Catedral de Santiago, MUPEGA, Museo das Peregrinacións e Museo casa da Troia, organizáronse distintas actividades nunha estratexia de difusión e celebración conxunta. O 40 aniversario deulle certo protagonismo na celebración ao Museo do Pobo Galego, que foi o anfitrión na presentación aos medios da programación do DIMCompostela 2017.

12ª MICE Mostra Internacional de Cinema Etnográfico Museo do Pobo Galego. Do 29 de maio ao 3 de xuño. Polo Teatro principal, o Salón Teatro e o Museo do Pobo pasaron 43 filmes repartidos entre a sección oficial e catro seccións paralelas, unha delas, 1977-2017. Catro décadas de cinema etnográfico, dedicada ao 40 aniversario do Museo. Houbo presentacións a cargo dos e das

cineastas e unha mesa de debate sobre a mirada e a representación no cinema etnográfico coordinada por Xosé Carlos Sierra. As películas elixidas polo xurado composto por Catarina Alúes Costa, Manolo González e Patricia Español, foron como Mellor película L'Eau Sacrée de Olivier Jourdain e Mellor película galega Esquece Monelos de Ángeles Huerta. O premio do público foi tamén para L'Eau Sacrée.

En xuño celebramos xunto ao alumnado e profesorado da Escola de Música Play o Día Internacional da Música cun programa musical a cargo dos e das alumnas escollido *ad hoc* para a celebración dos corenta anos do Museo. Con este motivo a escola agasallounos cunha composición propia titulada "Temos un Museo" que interpretaron como colofón do acto.

Café da Memoria. Este programa que deu inicio en 2008 céntrase actualmente na reconstrución dos procesos socio-históricos recentes que afectan ás mulleres en Galicia a partir das súas historias de vida. En 2017 o tema sobre o que se investigou foi o traballo das galegas no servizo doméstico nos últimos 50 anos. De entre todas as entrevistadas, catro estiveron con nós na mesa e tertulia que pecha o ciclo de cada Café da Memoria e que se celebrou o 30 de novembro.

Comezamos o 2018 coa celebración do programa sobre o Entroido Máscaras tradicionais, que nesta ocasión estivo dedicado ao Entroido de Arcos (Mazaricos). Cunha charla de Suso Jurjo e a actuación do exército dos panos de Arcos, puidemos coñecer algo máis sobre a historia e situación actual desta festa na Costa da Morte.

En abril e co gallo do Día Internacional da Danza celebramos a sétima edición de A voltas co Baile, unha xornada de reflexión e tamén de práctica sobre o baile tradicional e que este ano dedicouse aos estereotipos de xénero que se dan na súa transmisión. As convidadas para impartir esta sesión foron as promotoras do proxecto Andar cos tempos, proposta que xa estivo no Museo en 2016 cunha exposición. As responsables da mesma son Chus Caramés e Carme Campo quen tamén é traballadora do DEAC.

Ademais este ano incorporamos unha actividade de tipo familiar para celebrar o Día da Danza. Petís a voltas, dirixida por Marta Otero, mestra especializada en educación musical e baile coa que traballamos o baile tradicional como ferramenta na educación en valores e na expresión corporal.

c) Outras actividades

A comunicación social é unha parte fundamental da difusión, polo que o DEAC encárgase da promoción e xestión das súas actividades nas contas que o Museo ten en canles sociais. Neste sentido e para resaltar o 40 aniversario do Museo promoveuse o cancelo #40anosMPG que acompañou á difusión das actividades que desde o Museo se puxeron en marcha para celebrar a efeméride.

O DEAC funciona como lugar de prácticas para estudantes universitarios e titulados recentes e tamén é requirido como asesor e como obxecto de traballos de investigación. No curso 2017-18 incorporouse en prácticas o alumno Antonio Cid Trujillo de 4º do Grao de Pedagogía.

En xuño participamos xunto con AGADEA Alzheimer nas XV Xornadas Interdisciplinares da Federación Alzheimer Galicia, presentando o traballo que se realizara en colaboración en 2016, Activando a memoria desde o Museo do Pobo Galego. Este traballo está publicado en formato dixital e pódese descargar desde a nosa páxina web.

Tamén nos convidaron a dar unha charla na Mostra de Cinema Etnográfico de Catalunya e a participar nunha mesa en Etnovideográfica - International Ethnovideographic Festival de Castilla y León. E como MICE Museo do Pobo Galego fixemos parte do xurado do XVI Espiello, Festival Internacional de Documental Etnográfico de Sobrarbe (Huesca).

6. PUBLICACIÓNS

Nestes doce meses a actividade publicística foi bastante intensa, con catro títulos producidos.

Editouse a guía **Árbores de Bonaval**, da que son autores o socio Xaquín Penas Patiño, Pilar Antelo Docampo e o debuxante Calros Silvar.

Publicouse o catálogo da exposición **Parábola da Abundancia** de Terry Berkowitz e Francesc Torres, ao coidado dos comisarios da mostra, Mercedes Rozas e Lino Lema.

Publicouse en coedición coa Xunta de Galicia o volume que recolle as actas do simposio conmemorativo do centenario das Irmandades da Fala, baixo o título **Repensar Galicia**. Os editores son Justo Beramendi, Uxío-Breogán Diéguez, Carmen Fernández, M^a Pilar García Negro e Xosé Manuel González Reboredo.

En novembro saíu do prelo a publicación **Día da Muller no Museo do Pobo Galego**. Confeccionada na Imprenta Provincial da Coruña, recolle os materiais da Biblioteca utilizados nas actividades que se fixeran o 8 de marzo en conmemoración do Día da Muller. Este folleto non sería posible sen o interese posto polas socias Encarna Otero e María Tilve tanto na presentación do acto como na edición do caderno.

Deixamos tamén constancia de que a Deputación de Ourense dedicou ao Museo polo 40 aniversario un número monográfico da revista *Raigame*. Coordinou a edición o patrón Clodio González Pérez, que asistiu á presentación en Ourense xunto co patrón Francisco Fariña.

7. OUTRAS ACTIVIDADES

O programa **Teño unha peza**, ideado pola patroa Mercedes Rozas e a socia Pilar Sampedro e inspirado na campaña *Teño un museo*, abriu a programación no mes de xaneiro cunha cadencia mensual. Ás intervencións de Suso de Toro, Pepe Carreiro, Ses, Encarna Otero e Jorge Mira, sucederon, en maio a xornalista Tareixa Navaza; en xuño o actor Roberto Leal; en setembro o crego Rubén Aramburu; en outubro a europarlamentaria Lidia Senra; en novembro a zoqueira Elena Ferro; e pechou o ciclo en decembro unha presentación da artista multimedia Luz Darriba. Todas as sesións sen excepción tiveron unha excelente acollida, traendo ao Museo un público non habitual noutras actividades. Convén mencionar que o tratamento das pezas obxecto das presentacións estivo ao coidado dos departamentos de Colección e Biblioteca.

Como colofón da exposición bio-bibliográfica e documental sobre a figura de Victoriano García Martí, o 28 de xuño realizouse unha mesa redonda organizada desde a Biblioteca, coa colaboración de Rosario Mascato, Encarna Otero e Arantxa Fuentes, que faloron de diversos aspectos do pensamento e relacións de García Martí.

Os días 28 e 29 de setembro o Museo acolleu as sesións do **Seminario Museos, Etnografía e Antropoloxía**, que concluíu o día 30 no Museo Liste de Vigo. O seminario foi organizado polos patróns Felipe Arias e Xosé Carlos Sierra, e fíxose cargo da xestión a socia Esperanza Delgado. Participaron como relatores Xavier Roigé (Universitat de Barcelona), Iñaki Arrieta (Euskal Erriko Unibertsitatea), Fátima Braña Rey (Universidade de Vigo), Teresa Soeiro (Universidade do Porto) e Roser Calaf (Universidad de Oviedo). Moderaron as mesas de debate os membros do MPG Manuel Vilar Álvarez, Felipe Arias Vilas, Xosé Carlos Sierra Rodríguez e Begoña Bas López, e mais Xerardo Pereiro Pérez da Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro. Participaron nas sesións, ademais do MPG, os museos Etnolóxico de Ribadavia, Etnográfico da Capela, da Terra de Melide, comarcal da Fonsagrada, municipal de Vilar de Santos, Arqueolóxico de Ourense, Rede Museística provincial de Lugo, Pazo de Arxeriz, Palloza de Piornedo, Massó de Bueu e Liste de Vigo; os portugueses Ecomuseu do Barroso e Museu da Póvoa de Varzim, e representantes da Asociación Galega de Antropoloxía e do Proxecto Atlántico-Unesco; a título persoal, a antropóloga Mariam Mariño Costales e o patrón Francisco Calo Lourido. Na sesión final, celebrada en Vigo, rendeuse homenaxe póstuma a D. Olimpio Liste Regueiro.

Os días 25 e 26 de outubro, dentro das actividades de celebración do 40 aniversario, organizáronse unhas **Sesións da Memoria**, coa participación de todos os departamentos e servizos do Museo, ademais dalgúns membros do Padroado. Consistiron nunha trintena de entrevistas a persoas que por algún concepto tiveron unha intervención particular nestas catro décadas de funcionamento da institución, que se filmaron se conservan no arquivo documental.

Do 9 ao 11 de novembro celebrouse o **Simposio O espello de Galicia en América: ideoloxía, emigración e exilio (1875-1951)**, organizado pola Universidade de Santiago de Compostela baixo a coordinación do prof. Carlos Villanueva. Nas diferentes sesións abordáronse os temas “Música e identidade nas colectividades galegas”, “Vangardas e renovación en México: o grupo ‘Nuestra música’” e “Baile, literatura e escena de ida e volta”. O Museo colaborou cedendo os espazos e patrocinando o concerto de clausura.

O **Día da Muller** 2018 celebrouse o 13 de marzo, organizado polas patroas Rosa Méndez e María Xosé Fernández e mais polas socias Encarna Otero e María Tilve. O tema tratado foi a fenda de xénero no desenvolvemento e aplicación das TIC. Interviñeron Carmen García Mateo, doutora en Enxeñería de Telecomunicacións pola UPM e catedrática de Teoría das Comunicacións na Universidade de Vigo. Premio M.^a Josefa Worneburger 2014; Sonia Lois García, enxeñeira técnica industrial pola Universidade de Vigo. CEO de Coremain e de Sivsa. Experta en desenvolvemento de solucións TIC aplicadas ao ámbito da sanidade; e Luz Ramos López, xefa do departamento de Tecnoloxía do IES de Brión, acompañada por unha das súas alumnas. Moderou a sesión Encarna Otero e pechou a actuación do coro Son Elas.

O 20 de marzo, coincidindo coa exposición do XIII Premio Luis Ksado, houbo unha conferencia de Carlos Castelao baixo o título “A creatividade artística na obra fotográfica de Ksado”.

8. MUSEO ACOLLE

Aínda que, por mor da intensa actividade propia no ano 2017, tivemos que declinar algunhas propostas de interese, entre as numerosas accións que o Museo acolleu nestes doce meses cabe mencionar:

12 a 14 de maio, curso de introdución á talla lítica, organizado por Árbore Arqueoloxía

3 de xuño, constitución da Rede do Patrimonio cultural galego

17 de xuño, presentación XIII Encontro de Embarcacións Tradicionais

16 de outubro, sesión do festival Her-Danza

29 de novembro, entrega de premios do certame Santiago e_Tapas, organizado polo Concello de Santiago

16 e 17 de decembro, postos de artesanía do Mercado da Estrela

27 de xaneiro, presentación do festival marítimo de Pasaia, que este ano ten como convidada especial a cultura marítima de Galicia

20 de febreiro, presentación da iniciativa “Navega el Camino”, da Consellería do Mar

7 e 8 de abril, Oficios en acción: obradoiro de cestería de Idoia Cuesta, organizado pola Asociación Galega de Artesáns

Polo demais, como é habitual, o Museo albergou xuntanzas e actos organizados polas seguintes entidades:

A Mesa pola Normalización Lingüística
Asociación de Escritores en Lingua Galega
Asociación de Gaiteiros Galegos
Asociación de Guías Profesionais de Galicia
Asociación Galega de Antropoloxía Social
Asociación Galega de Cooperativas Agrarias
AGACA (socio protector)

Asociación Profesional de Tradutor*s e Intérpretes
Asociación Xantar de Vagar
Colexio de Educador*s Sociais de Galicia
Consello Galego de Museos
Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial
Fundación Galiza Sempre
Sociedade Galega de Historia Natural

Celebráronse así mesmo catro presentacións de libros:

10 de outubro, *De mouros, moursas e tesouros. A Comarca de Deza*, de Xoán Carlos García Porral, prologado por Xosé Manuel González Reboredo, patrón do Museo.

28 de novembro, *Ribeira Sacra*, de Hércules de Ediciones, baixo a presidencia do presidente da Xunta de Galicia.

20 de decembro, *Atlas de Hórreos de Galicia*, de Carlos Regueira Méndez, con prólogo do patrón Xosé María Lema Suárez.

25 de febreiro, *Gustav Henninsen: Gravacións musicais en Galicia (1964-1968)*, de Xavier Groba e Sergio de la Ossa.

Tamén os medios de comunicación, en particular as produtoras que traballan para a TVG, seguen demandando os nosos espazos para gravaren entrevistas e programas culturais.

9. INSTITUTO DE ESTUDOS DAS IDENTIDADES

9.1 Foros do IEI

En relación co 40 aniversario do Museo celebráronse os foros ***O noso pobo. De hoxe noutros corenta anos***, con periodicidade mensual a partir de maio. Coordinaron a organización os patróns Justo Beramendi, Manuel Blanco, Xosé Manuel González Reboredo e Lino Lema, contando co patrocinio do Parlamento de Galicia.

9 de maio “O Estatuto dos Dezaseis, xermolo do noso futuro”. Con Luís Caramés Viéitez, Álvaro López Mira e Xosé Antonio Pena Beiroa, moderado por Pablo González Mariñas.

8 de xuño “Autogoberno por outros corenta anos”. Con Emilio Pérez Touriño, Pedro Puy Fraga, Carme Adán Villamarín e Manuel Martínez Barreiro, moderado por Xosé A. Gómez Segade.

29 de xuño “O pobo galego e as súas perspectivas demográficas”. Con Julio Hernández Borge, José A. Campo Andión e Miguel A. Vázquez Taín, moderado por Manuel Blanco Desar.

13 de xullo “Agro e mar en Galicia contra 2057”. Con Hixinio Mougán bouzán, Juan A. Vázquez Gancedo, Daniel Villapol Valea e Eduardo Míguez López, moderado por Lino Lema Bouzas.

14 de setembro “Unha nova economía para a Galicia do porvir na industria e nos servizos”. Celebrado na sede da Fundación Barrié na Coruña, contou con Carme Pampín Casal, Fernando Suárez Lorenzo e Cesáreo González Pardo, moderado por Enrique Saez Ponte.

5 de outubro “Medio e natureza na Galicia de mañá”. Con Virginia Rodríguez Álvarez, Serafín González Prieto e Ricardo Beiras García-Sabell, moderado por Justo Beramendi.

26 de outubro, “O futuro da sociedade do benestar nunha Galicia avellentada”. Con Miguel A. Santalices Vieira, Xosé Carlos Arias Mosquera e Rita Radl-Philipp, moderado por Concha Losada Vázquez.

16 de novembro “Educación e formación dos novos galegos”. Con Ángel Carracedo, Carmen Fernández Morante e Juan Freire Botana, moderado por Xosé Ramón Fandiño Veiga.

14 de decembro, “Identidade contra 2057”. Con Jorge Algora, Manuel Bragado, Henrique Monteagudo e Xosé M. González Reboredo, moderado por María Xosé Fernández Cerviño.

9.2 APOI

A Dra. Dorothé Schubarth segue vindo regularmente a Compostela para traballar na organización do seu arquivo, categorías, indexación, etc., e actualizando cuestións pendentes. Por exemplo, incorporando os contos recompilados nas súas recollidas e que aumentarán o arquivo non musical. Ende mal, como xa quedou reflectido na memoria do pasado exercicio, a limitación dos recursos dispoñibles fai que o labor de dixitalización, edición, estudo etnomusicolóxico e publicación, que coordina en solitario a patroa Concha Losada, non poida avanzar na medida en que o faría necesario o constante incremento dos fondos achegados desde diversas fontes.

O 5 de outubro tivo lugar a presentación libro-CD ***Dispostas para cantare***, patrocinado polas adegas Martín Códax. Esta publicación, ao coidado da patroa Concha Losada e do etnomusicólogo Sergio de la Ossa, con deseño de Liño Lema Tilve, distribuíuse entre os patróns e socios do Museo, como agasallo polo 40 aniversario.

O 18 de outubro presentouse o novo repositorio do APOI en rede, coa participación dos compiladores que fixeron as contribucións máis significativas aos fondos do arquivo. Interviñeron de novo a patroa Concha Losada e Sergio de la Ossa. Esta presentación realizouse o 14 de decembro en Lugo, na sala da Deputación Provincial.

Sergio de la Ossa presentou tamén o proxecto en congresos da especialidade celebrados en España, Portugal e Hungría.